



XUNTA
DE GALICIA

@GaliciaSostible |   

XESTIÓN DE RESIDUOS NAS INDUSTRIAS DURANTE A CRISE SANITARIA DO COVID-19



CORONAVIRUS



Xestión dos residuos

1



O material desbotado de hixiene persoal e protección individual (máscaras, luvas, etc.) depositase **en cubos con tapa, a ser posible con pedal, dotados de bolsa plástica individual** repartidos polo centro de traballo (zonas libre de tránsito e correntes de aire).



De non dispor de pedal, realiza unha completa **hixiene de mans** inmediatamente despois seguindo os protocolos.



Xestiona os residuos ordinarios coma sempre, respectando os protocolos de **separación de residuos**.



A **bolsa de lixo do material de hixiene persoal e EPIS** debe depositarse no contedor habilitado para o resto de residuos non perigosos asimilables a domésticos habilitado para tal fin na instalación **protexido con tapa, e preferiblemente accionado con pedal**.



Inmediatamente despois realiza unha completa **hixiene de mans**.



A xestión dese contenedor faise a través dos xestores de residuos industriais habituais.

Prohibido depositar estas bolsas nos contedores de recollida selectiva habilitados no centro (orgánica, envases, papel, vidro ou téxtil).



Recoméndase realizar a tramitación dos documentos de traslado de forma completamente electrónica, eliminando a impresión dos correspondentes DI, levando o transportista unha copia dixital do DI e substituíndo as sinaturas en papel por sinaturas electrónicas nos casos que sexa factible.



No caso de que estes residuos de equipos de protección individual se xestionen por separado, de forma independente á fracción resto, o código LER asignado será o LER 150203 (Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras distintos dos especificados no código 15 02 02).

Se un traballador presenta síntomas

2



1 **Illar o cubo** e bolsa onde dito traballador depositase os seus residuos de hixiene persoal e EPI.



2 Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha **segunda bolsa de lixo (xunto cos EPIs do persoal de recollida do lixo)**, con sistema de **peche seguro** (podendo ser válido o anoado da bolsa).



3 A partir dese momento todos os residuos de hixiene persoal e protección individual xerados **nas áreas de influencia do traballador con positivo no centro de traballo** deben xestionarse do mesmo modo (**dobre bolsa**).



4 A xestión destas bolsas será da **forma habitual** no contedor habilitado para **o resto de residuos non perigosos asimilables a domésticos**.



5 A xestión dese contenedor faise a través dos xestores de residuos industriais habituais. **Prohibido** depositar estas bolsas nos contedores de recollida selectiva habilitados no centro (orgánica, envases, papel, vidro ou téxtil).

Para máis información:

3

Boas prácticas nos centros de traballo. Medidas para a prevención de contaxios do COVID-19:

<https://www.lamoncloa.gob.es/serviciosdeprensa/notasprensa/presidencia/Documents/2020/GUIACENTROSTRABAJOCOV19b.pdf>

Produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade para desinfectar:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/documentos/Listado_virucidas.pdf

Hixiene de mans:

https://www.mscbs.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov-China/img/COVID19_higiene_manos_poblacion_adulta.jpg



XUNTA
DE GALICIA

@GaliciaSostible |   